

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo – A Coruña

### **CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 24 de marzo de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

### **ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 24 de marzo de 2025, aprobou o seguinte ACORDO:

### **5.- PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO “PERI CASAS DOS MESTRES”. APROBACIÓN INICIAL**

EXPEDIENTE: 2025/U039/000003

ASUNTO: Proposta de convenio urbanístico de execución de planeamento entre o concello de Carballo e UFD Distribución Electricidad, S.A., para a execución do PERI denominado «Casas dos Mestres»

PARCELAS: 5453502NH2855S e 5453501NH2855S (rúa Vázquez de Parga)

#### **ANTECEDENTES:**

I.- A entidade mercantil UFD Distribución Electricidad, S.A, é titular dos terreos que integran a parcela con referencia catastral 5453502NH2855S, sita na rúa Vázquez de Parga, 15107 de Carballo que ten unha superficie, segundo catastro, de 18,00 m<sup>2</sup>. Nesa parcela existe un centro de transformación de enerxía eléctrica, en servizo, identificado como «CT CAMPO FUTBOL (15CCB3) – CARBALLO».

II.- A parcela catastral 5453502NH2855S propiedade de UFD Distribución Electricidad, S.A., xunto coa parcela lindeira que ten a referencia 5453501NH2855S, cuxa titularidade corresponde ao Concello de Carballo, constitúen o ámbito dun plan especial de reforma interior previsto no PXOM denominado PERI-2 «Casas dos Mestres».

O Pleno Municipal, en sesión ordinaria que tivo lugar o 31 de outubro de 2022, acordou aprobar definitivamente o PERI-2, para reorganizar a volumetría edificatoria deste ámbito coa finalidade de construír un edificio dotacional para albergar usos de carácter social e asistencial. O acordo de aprobación definitiva do PERI publicouse no DOG núm. 46 do 7 de marzo de 2023, inscribiuse no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia (ROTPG) co nº de rexistro ROTPG/P/21/2023 da Sección II, do Libro I, Tomo II, folla rexistral nº 95, e a normativa publicouse no BOP da Coruña, núm. 78, do 25 de abril de 2023.

III.- A ordenación establecida no PERI prevé que o novo edificio dotacional se sitúe ao sur do ámbito, apegado en parte ao edificio que ten o número 117 da rúa Vázquez de Parga. Para elo deberanse ocupar necesariamente os terreos da parcela con referencia catastral 5453502NH2855S nos que se sitúa o CT 15CCB3 o que implica que estes terreos deben ser de titularidade do concello de Carballo.

Por outra banda no PERI prevese unha nova situación para o CT no extremo nordeste do ámbito nunha parcela cualificada como sistema local de infraestrutura de servizos eléctricos (SL-IS-ELE) cunha superficie aproximada de 16,00 m<sup>2</sup>.

No apartado de «enerxía eléctrica» do punto 1.5. da memoria xustificativa do plan especial referente ás características das infraestruturas e servizos consta o seguinte:

*«Se dispón un novo centro de transformación eléctrica na parcela IS-ELE, soterrado, sendo necesario a disposición dun novo tramo de liña de media tensión, así como dun novo tramo en baixa tensión para a acometida do equipamento proposto.»*

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000006

IV.- A proposta de convenio trae causa do expediente de obras 2024/U022/000080, do 4 de outubro de 2024 referente á comunicación previa realizada por UFD Distribución Electricidad, S.A. para levar a cabo a substitución do CT CAMPO DE FÚTBOL, debido ao fin da súa vida útil, por un CT soterrado a localizar no emprazamento previsto no PERI-2. A solicitude ven acompañada do correspondente proxecto técnico, autorización administrativa da Dirección territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria e das autorizacións sectoriais da AXI e da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

En relación con este expediente, o 9 de outubro de 2024, practicouse un requirimento de documentación polo que se advirte ao promotor da actuación da necesidade de asinar o correspondente convenio urbanístico co concello de Carballo para establecer as condicións de permuta dos terreos da vella localización coa nova localización.

V.- A proposta de convenio presentada por Alberto Suárez Fontenla representando a UFD Distribución Electricidad, S.A., negociada e subscrita previamente consiste na cesión por parte desta entidade, da parcela con ref. catastral 5453502NH2855S que, como xa indicamos, resulta necesaria para poder materializar a construción do novo edificio dotacional de equipamento previsto na ordenación proxectada no PERI das Casas dos Mestres así como á demolición do CT existente na dita parcela.

Tamén se inclúe na proposta de UFD Distribución Electricidad S.A. a necesidade de instalar outro centro de transformación de enerxía eléctrica soterrado, na confluencia da rúa Vila de Corcubión coa Avda. de Bergantiños, para poder mellorar a prestación do servizo eléctrico da zona.

Como contraprestación o concello de Carballo asumiría as seguintes obrigas:

- a) Autorizar a UFD Distribución Electricidad, S.A. á ocupación de dúas superficies de terreos de dominio público:
  1. Porción de terreo duns 16 m<sup>2</sup> da parcela con ref. catastral 5453501NH2855S, na localización prevista na ordenación do PERI-2, para a instalación dun centro de transformación de enerxía eléctrica soterrado e as súas ampliacións, así como para as condicións de entrada e saída.
  2. Porción de terreo duns 16 m<sup>2</sup> no espazo público axardinado situado na confluencia da Rúa Vila de Corcubión con Avda. de Bergantiños, para a instalación dun centro de transformación de enerxía eléctrica soterrado e as súas ampliacións, así como para as condicións de entrada e saída.

En ambos casos, o concello de Carballo comprométese a manter unhas beirarrúas perimetrais aos centros de transformación, libres de elementos urbanos, para facilitar as labores de operación e mantemento, segundo a descrición gráfica adxunta á proposta de convenio.
- b) Autorizar a UFD Distribución Electricidad, S.A., a ocupar os terreos necesarios para executar as obras contempladas nos proxectos dos CTs, incluídos os accesos, rexistros e as súas arquetas para o correcto funcionamento dos mesmos.
- c) Garantir o acceso libre e permanente os espazos ocupados por ambas infraestruturas eléctricas, tanto ó persoal de UFD Distribución Electricidad, S.A., coma os das contratadas por esta autorizada, para que poidan efectuar, cantas tarefas de conservación, mantemento, reparación, mellora e explotación de tales instalacións foren precisas para a correcta subministración de enerxía eléctrica.

VI.- Alberto Suárez Fontenla representando a UFD Distribución Electricidad, S.A. asina electronicamente o dito convenio o 10/03/2025, que é asinado polo Alcalde, Evencio Ferrero Rodríguez, en representación do concello de Carballo e pola Secretaria Xeral deste o 20/03/2025.

VII.- Os servizos técnicos e xurídicos municipais emiten o seu informe aos efectos da súa aprobación e publicación en data 19/03/2025.

**MARCO XURÍDICO:**

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000006

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, publicado no DOG do 09/11/2016 (RLSG).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL).
- Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo, aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).
- PERI-2 «Casas dos Mestres», aprobado por acordo Plenario do 31 de outubro de 2022 (DOG, núm. 46, do 7 de marzo de 2023 e BOP da Coruña, núm. 78, do 25 de abril de 2023).

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS:

I.- A viabilidade urbanística da proposta de convenio está amparada pola ordenación que se establece no PERI-2 aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal o 31 de outubro de 2022. A localización do CT soterrado que se propón na documentación presentada por UFD Distribución Electricidad, S.A. coincide co emprazamento previsto no plan especial para a parcela cualificada como sistema local de infraestrutura de servizos eléctricos (SL-IS-ELE).

En canto a viabilidade do CT soterrado na confluencia da rúa rúa Vila de Corcubión coa Avda. de Bergantiños, o igual que o anterior ten a consideración de elemento dunha infraestrutura de subministración de enerxía eléctrica esencial para a poboación e compatible coa utilización do dominio público en superficie, sen prexuízo da medidas de protección da instalación. Nese senso os dous CT propostos axústanse ao previsto no artigo 76.6 do RLSG.

II.- Por parte de UFD Distribución Electricidad, S.A. a titularidade dos terreos obxecto do presente convenio acredítase mediante certificación catastral.

Por outra banda, a facultade de asinar por parte de Alberto Suárez Fontenla resulta da escritura de poder outorgada o seu favor en data 1 de marzo de 2023 ante o Notario de Madrid Don Fernando de la Cámara García, núm. 308 do seu Protocolo. Escritura modificada por outra de ampliación de poderes do mesmo Notario de data 15 de febreiro do 2024, núm. 239 do seu Protocolo.

### PROCEDEMENTO

Para a materialización do convenio urbanístico de execución de planeamento, deberanse levar a cabo as previsións dos artigos 2.3, 165 a 168, e en particular do artigo 167 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, preceptos desenvolvidos nos artigos 398 a 403 do Decreto 143/2016, do 22 de febreiro, que aproba o Regulamento da dita lei, en relación coa subscrición do devandito Convenio co fin de determinar as condicións e os termos de xestión e execución do plan urbanístico en vigor no momento da celebración do mesmo.

Tanto o artigo 167 da Lei 2/2016 como o 400 do seu Regulamento de desenvolvemento definen os convenios urbanísticos para a execución do plan como aqueles que, non afectando á ordenación urbanística, limítanse á determinación dos termos e condicións da xestión e a execución do plan.

Segundo o establecido no artigo 401 do RLSG, en todo procedemento de formalización dun convenio urbanístico promovido por persoas particulares que afecte, total ou parcialmente, a terreos propiedade doutras persoas ou titulares de dereitos, a administración actuante que corresponda deberá concederlles un trámite de audiencia para que poidan, ben manifestar a súa opción de adhesión ao convenio, ou ben presentar as alegacións que correspondan en defensa dos seus dereitos e intereses.

Unha vez negociados e subscritos, os convenios someteranse ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da

provincia, por un período mínimo dun mes, durante o cal o texto íntegro do convenio deberá estar depositado nas dependencias correspondentes da administración que asine o convenio para que se poida consultar, xunto co resto do expediente administrativo e ser accesible directamente, para a súa consulta, con medios telemáticos, con indicación da dirección completa da páxina web ou punto de acceso electrónico oficial que permita localizalo.

O órgano que negociase o convenio terá que elaborar, á vista das alegacións, unha proposta de texto definitivo do convenio, da que se dará vista á persoa ou ás persoas que negociasen e subscribisen o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, se é o caso, renuncia (artigo 168.3 da LSG).

No suposto de que se formulen alegacións, o órgano da administración que negociase o convenio, unha vez analizadas, deberá ratificar o texto inicial ou rectificalo, dando traslado da proposta de texto definitivo ás persoas que tivesen negociado e subscrito o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, se é o caso, renuncia.

De acordo co artigo 402 do RLSG o texto definitivo dos convenios deberá ser ratificado polo órgano competente e deberá asinarse dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido este prazo sen que o convenio sexa asinado, quedará sen efecto (artigo 168.4 da LSG). A formalización deberá realizarse en documento administrativo, sen prexuízo do dereito de calquera das partes a solicitar a súa elevación a escritura pública.

Os convenios urbanísticos perfeccionaranse desde a súa sinatura, que deberá realizarse, en todo caso, despois da ratificación pola Administración do seu texto definitivo.

Así mesmo, de conformidade co artigo 403 do RLSG, en todos os municipios existirá un rexistro de convenios administrativos urbanísticos, no que se deberá anotar o nome do convenio, e un arquivo de convenios administrativos urbanísticos, no que se deberá custodiar un exemplar completo do texto definitivo e, se procede, da súa documentación, que deberá incorporar a do plan ou a do instrumento de xestión ao que se refire. O exemplar custodiado no arquivo indicado dá fe, con todos os efectos legais, do contido do convenio. Calquera persoa ten dereito a consultar os rexistros e os arquivos aos que se refire este artigo e a obter certificados e copias das anotacións que se fagan e dos documentos que se custodien.

Os convenios urbanísticos son susceptibles de ser inscritos no Rexistro da Propiedade nos termos previstos na lexislación hipotecaria. En particular, os compromisos adquiridos en convenios urbanísticos polas persoas propietarias de terreos e do resto de bens inmoebles vinculan ás terceiras persoas adquirentes, nos termos previstos na lexislación vixente.

## ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 402.2 do RLSG determina que en función do instrumento de planeamento ou de xestión afectado polo convenio, a ratificación corresponde ao órgano municipal que ten atribuída a competencia para a súa aprobación, cos previos informes técnicos e de legalidade sobre a adecuación do documento que se ten que ratificar ao previsto no presente regulamento.

O artigo 21.1.j LBRL establece que é competencia do Alcalde «as aprobacións dos instrumentos de plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización». Non obstante, por resolución da Alcaldía de data 26 de febreiro de 2025, número 632/2025, sobre revogación e delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, a competencia corresponde a este órgano.

Por iso, á vista dos antecedentes contidos no expediente, en particular, do informe técnico xurídico que consta no expediente, e a proposta do concelleiro delegado da Área de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de data 20/03/2025, no expediente 2025/U039/000003, e dos fundamentos xurídicos citados, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 632/2025, do 26 de febreiro (BOP nº 46 do 10/03/2025), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

- A aprobación do texto inicial do convenio urbanístico de xestión entre o concello de Carballo e

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000006

UFD Distribución electricidade, S.A. para a execución do PERI-2 denominado «Casas dos Mestres» debido a que se axusta ás previsións tanto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia como no seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que se inserta a continuación:

«EXPEDIENTE: 2025/U039/000003

CONVENIO DE XESTIÓN URBANÍSTICA ENTRE O CONCELLO DE CARBALLO E UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDADE PARA A EXECUCIÓN DO PERI DENOMINADO «CASAS DOS MESTRES»

En Carballo, 20 de febreiro de 2025

**REUNIDOS**

Dunha parte,

Alberto Suárez Fontenla, en nome e representación de «UFD Distribución Electricidade, S.A.», con C.I.F. núm. A-63.222.533, con domicilio a efectos do presente convenio na avda. de Arteixo 171, 15007-A Coruña.

Resultan as súas facultades da escritura de poder outorgada o seu favor en data 1 de marzo de 2023 ante o Notario de Madrid Fernando de la Cámara García, núm. 308 do seu Protocolo. Escritura modificada por outra de ampliación de poderes do mesmo Notario de data 15 de febreiro do 2024, núm. 239 do seu Protocolo.

Doutra parte,

Evencio Ferrero Rodríguez, con DNI nº 76301823J na súa condición de Alcalde, actuando en nome e representación do CONCELLO DE CARBALLO (A Coruña), en virtude das facultades que lle outorga o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Asiste ao acto, Marina Núñez Orjales, secretaria do concello de Carballo (A Coruña), como fedataria do acto, en uso das facultades outorgadas polo artigo 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Os reunidos, recoñécense reciprocamente, no concepto das súas respectivas intervencións, capacidade legal suficiente para obrigarse en virtude do presente CONVENIO DE EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO e para ese efecto EXPOÑEN

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

I. O artigo 65 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RSLG) indica que as dotacións urbanísticas organízanse, entre outros, no sistema de infraestruturas de redes de servizos, formado polo conxunto de redes, instalacións e espazos asociados, para a prestación de servizos urbanísticos do termo municipal, como son os destinados á execución da política enerxética. O artigo 76.6 deste regulamento indica que “Non se permitirá a colocación de centros de transformación de electricidade en superficie nos espazos públicos (viarios, espazos libres e zonas verdes)”.

O artigo 112 do RLSG indica na súa letra b) que, “de acordo co establecido no artigo 65.2, consideraranse tamén dotacións de carácter público as infraestruturas de redes de servizos de titularidade privada, sempre que a normativa sectorial correspondente garanta o dereito de acceso a terceiros e sen prexuízo da titularidade pública ou privada dos terreos sobre os cales se localicen”.

O Anexo I do RLSG, define no apartado 3 como dotacional o uso das infraestruturas de redes de servizos, enmarcadas nos servizos urbanos, como aquel que inclúe o conxunto de redes, instalacións e espazos asociados, destinados á prestación de servizos urbanísticos, como son entre outros, os de subministración de enerxía eléctrica.

II. Segundo o artigo 129.1. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), os terreos destinados a sistemas locais en solo urbano consolidado obteranse, entre outros medios, por convenio urbanístico entre a Administración e o propietario.

No artigo 165 e seguintes da mesma norma atopamos a regulación dos convenios urbanísticos.

III. O artigo 400 do RLSG, regula os convenios urbanísticos para a execución do planeamento.

IV. Nos artigos 401 a 403 do RLSG establécense as cuestións relativas á formalización, perfección e publicidade dos convenios.

V. O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público dispón:

“1.- Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”.

E exposto o que antecede, ambas partes.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000006

### ACORDAN

Primeiro.- Obxecto do convenio.

I.- Que a entidade mercantil UFD Distribución Electricidad, S.A. é unha sociedade cuxa actividade é a distribución de enerxía eléctrica, negocio regulado ao amparo da Lei 24/2013, de data 26 de decembro, do Sector Eléctrico; do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; e do Real Decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica e demais normativa de desenvolvemento.

II.- Que o CONCELLO DE CARBALLO é titular da parcela con ref. catastral 5453501NH2855S, sita na rúa Vázquez Parga, 15107-Carballo.

III.- Que UFD Distribución Electricidad, S.A. é a empresa titular dos terreos que se integran na parcela con referencia catastral 5453502NH2855S, sita na rúa Vázquez Parga, 15107-Carballo, cunha superficie de 18,00 m<sup>2</sup>, na que ten instalado un centro de transformación de enerxía eléctrica, en servizo, identificado coma «CT CAMPO FUTBOL (15CCB3) - CARBALLO.»

IV.- Que con data 31 de outubro de 2022 o Pleno do CONCELLO DE CARBALLO aprobou definitivamente o plan especial de reforma interior (PERI) denominado "PERI núm. 2. Casas dos Mestres". Segundo o documento aprobado, coa súa aprobación resultan afectadas tanto a parcela de titularidade municipal coma a de UFD Distribución Electricidad S.A mencionadas no parágrafos anteriores.

O obxectivo principal deste plan especial é a construción dun edificio dotacional municipal de equipamento para albergar usos de carácter social e asistencial.

Segundo a ordenación prevista no PERI, na parcela municipal reservouse unha porción de terreo duns 16 m<sup>2</sup>, aproximadamente, libre e independente, e con acceso directo dende a vía pública, o cal cumpre as condicións regulamentarias para a instalación dun Centro de Transformación de enerxía eléctrica.

A superficie aproximada que ocupará o centro de transformación no subsolo da parcela, segundo a documentación técnica aportada por UFD Distribución Electricidad, S.A., é de 16 m<sup>2</sup>, aproximadamente.

Únense ao presente documento como anexo plano de situación do citado inmovible, porción de terreo reservada e de localización do centro de transformación proxectado.

V.- Que UFD Distribución Electricidad, S.A., en aras de que o CONCELLO DE CARBALLO poida levar a cabo o plan especial de reforma interior (PERI) aprobado polo Pleno, proxectou a execución da obra denominada "SUBSTITUCIÓN CT CAMPO FUTBOL (15CCB3) - CARBALLO" con núm. SGD 618220099005, que contempla, entre outras, o traslado do centro de transformación denominado "CT CAMPO DE FUTBOL" que se localiza na parcela catastral 5453502NH2855S, á zona indicada, da parcela municipal con referencia catastral 5453501NH2855S na que se prevé o novo emprazamento desta infraestrutura segundo o indicado anteriormente.

O emprazamento e características do novo centro de transformación reflíctense nos planos adxuntos ao presente documento, ocupando unha superficie aproximada duns 16 m<sup>2</sup> da mencionada parcela.

VI.- Que o CONCELLO DE CARBALLO é titular dun espazo público axardinado na Rúa Vila de Corcubión con Avda de Bergantiños, no que existe un espazo libre e independente, e con acceso directo dende a vía pública, o cal cumpre as condicións regulamentarias para a instalación dun Centro de Transformación de enerxía eléctrica.

Que UFD Distribución Electricidad, S.A. ten prevista a execución da obra denominada *REGLAMENTACIÓN CENTRO DE TRANSFORMACIÓN GRAN VÍA 134-15CKT8 (CARBALLO)* con núm. SGD 518224039002, que contempla, entre outras, o traslado do centro de transformación denominado "GRAN VIA 134-15CKT8", sito nun local de planta baixa, soto do núm. 4 da calle Vila de Corcubión, o espazo público descrito no parágrafo anterior, por un novo centro de transformación soterrado, tipo prefabricado compacto telecontrolado.

A superficie aproximada que ocupará o centro de transformación no subsolo do espazo público, segundo a documentación técnica aportada por UFD Distribución Electricidad, S.A. é de 16 m<sup>2</sup>, aproximadamente.

Únense ao presente documento como anexo plano de situación do citado inmovible, porción de terreo reservada e de localización do centro de transformación existente.

O emprazamento e características do novo centro de transformación reflíctense nos planos adxuntos ao presente documento

Segundo.- Obrigas das partes.

A) OBRIGAS DE UFD Distribución Electricidad, S.A.

UFD Distribución Electricidad, S.A. obrígase á cesión da parcela con referencia catastral 5453502NH2855S que resulta necesaria para poder materializar a construción do novo edificio dotacional de equipamento previsto na ordenación proxectada no PERI das Casas dos Mestres, aprobado polo CONCELLO DE CARBALLO. Así como á demolición do CT existente na dita parcela.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello 5/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000006

### B) OBRIGAS DO CONCELLO de Carballo.

#### Obra denominada SUBSTITUCIÓN CT CAMPO FUTBOL (15CCB3) - CARBALLO

O CONCELLO DE CARBALLO autoriza a UFD Distribución Electricidade, S.A. á ocupación dunha porción de terreo duns 16 m<sup>2</sup> da parcela con referencia catastral 5453501NH2855S da súa titularidade, para a instalación dun Centro de Transformación de enerxía eléctrica soterrado, e as súas ampliacións, así como para as conducións de entrada e saída.

O CONCELLO DE CARBALLO comprométese, coa firma do presente acordo, a manter unhas beirarrúas perimetrais ao centro de transformación, libres de elementos urbanos, para facilitar as labores de operación e mantemento, segundo a descrición gráfica adxunta.

#### 1. Obra denominada REGLAMENTACIÓN CENTRO DE TRANSFORMACIÓN GRAN VÍA 134-15CKT8 (CARBALLO).

O CONCELLO DE CARBALLO autoriza a UFD Distribución Electricidade, S.A. á ocupación dunha porción de terreo duns 16 m<sup>2</sup> no espazo público axardinado na Rúa Vila de Corcubión con Avda de Bergantiños, para a instalación dun Centro de Transformación de enerxía eléctrica soterrado, e as súas ampliacións, así como para as conducións de entrada e saída.

O CONCELLO DE CARBALLO comprométese, coa firma do presente acordo, a manter unhas beirarrúas perimetrais ao centro de transformación, libres de elementos urbanos, para facilitar as labores de operación e mantemento, segundo a descrición gráfica adxunta.

Por outra banda o CONCELLO DE CARBALLO autoriza a UFD Distribución Electricidade, S.A. a ocupar os terreos necesarios para executar as obras contempladas neste documento, incluídos os accesos, rexistros e as súas arquetas para o correcto funcionamento do mesmo de conformidade co expresado con anterioridade.

Así mesmo, o CONCELLO DE CARBALLO garante o acceso libre e permanente os espazos ocupados por ambas infraestruturas eléctricas, tanto ó persoal de UFD Distribución Electricidade, S.A., coma os das contratadas por esta autorizada, para que poidan efectuar, cantas tarefas de conservación, mantemento, reparación, mellora e explotación de tales instalacións foren precisas para a correcta subministración de enerxía eléctrica, e todo iso nos termos dispostos no artigo 159 e demais atinentes do RD 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica. Manifesta o CONCELLO DE CARBALLO que as porcións de terreos a ocupar polas instalacións eléctricas de UFD Distribución Electricidade, S.A. están libres de cargas e gravames de calquera índole, autorizándose a súa ocupación de modo gratuito.

#### Terceiro.- TOMA DE POSESIÓN

Que UFD Distribución Electricidade, S.A. a medio da firma do presente documento, e desde a data da sinatura do mesmo, consinte e acepta expresamente, poñer ao dispor do CONCELLO DE CARBALLO a superficie da parcela con referencia catastral 5453502NH2855S, co fin de que poida levarse a cabo a execución do PERI coa construción do novo edificio dotación de equipamento e a reordenación do referido ámbito, previa a retirada do centro de transformación existente na dita parcela, e previa a posta en funcionamento deste na súa nova localización, todo ilo en aras de garantir a continuidade do subministro eléctrico, momento a partires do cal o CONCELLO DE CARBALLO poderá dispoñer dos terreos.

#### Cuarto.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio terá a consideración de urbanístico para a execución do planeamento de acordo cos artigos 165 e seguintes da LSG e 398 e seguintes do RLSG.

#### Quinto.- NATUREZA DO CONVENIO.

En virtude do sinalado no artigo 165.4 da LSG o presente convenio ten natureza administrativa. Para a resolución das cuestións litixiosas que puidesen suscitarse, relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán competencia do órgano xurisdiccional contencioso-administrativo.

A formalización deste convenio deberá realizarse en documento administrativo, sen prexuízo do dereito de calquera das partes a solicitar a súa elevación a escritura pública (artigo 402.1 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

#### Sétimo.- ANEXOS.

Ao presente convenio incorpóranse os seguintes ANEXOS

Anexo 1: Memoria xustificativa do convenio.

Anexo 2: Situación no PXOM.

Anexo 3: Ordenación segundo o PERI

Anexo 4: Emprazamento do novo centro de transformación segundo a documentación presentada por UFD.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000006

E en proba de conformidade, ambas partes asinan este convenio, a un so efecto, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde de Carballo UFD Distribución Electricidad, S.A.

Don Evencio Ferrero Rodríguez Don Alberto Suárez Fontenla

A secretaria municipal

Marina Núñez Orjales

### ANEXO 1. MEMORIA XUSTIFICATIVA.

#### 1. NECESIDADE E OPORTUNIDADE DO CONVENIO.

Este convenio non ten carácter contractual, xa que o seu obxecto é destinar os terreos necesarios para executar a ordenación prevista no PERI Nº 2 "Casas dos Mestres" segundo se recolle no documento aprobado definitivamente polo Pleno do CONCELLO DE CARBALLO o 31 de outubro de 2022. O obxecto principal deste plan especial é a construción dun edificio dotacional de equipamentos para usos de carácter social e asistencial.

Este plan especial desenvólvese sobre dúas parcelas, unha de titularidade municipal que coincide o inmueble con referencia catastral 5453501NH2855S que ten unha superficie de 2.217 m<sup>2</sup> e outra que pertence á entidade mercantil UFD Distribución Electricidad, S.A., que ten a referencia catastral 5453502NH2855S cunha superficie de 18 m<sup>2</sup>, nesta parcela existe un centro de transformación denominado "CT Campo de Fútbol" construído nos anos sesenta.

Segundo a ordenación aprobada para o plan especial, parte da parcela catastral 5453502NH2855S ocupárase polo edificio dotacional e o resto está destinada a viario. Por outra banda existe unha superficie da parcela municipal que está destinada a servizos eléctricos que se prevé no propio plan para recolocar os accesos en superficie a un novo centro de transformación soterrado que substituirá a o descrito no parágrafo anterior.

Para levar a cabo estas previsións do plan especial acórdase levar a cabo este convenio de xestión urbanística, por unha banda UFD Distribución Electricidad, S.A, cede a parcela catastral 5453502NH2855S para poder construír o edificio de uso dotacional de equipamento previsto nese emprazamento. Pola súa banda, o CONCELLO DE CARBALLO autoriza a UFD Distribución Electricidad, S.A a instalación nunha porción de terreo de 16 m<sup>2</sup>, situado na parcela con referencia catastral 5453501NH2855S dun centro de transformación, para facer operativa esta infraestrutura e poder emprazar as conducións de entrada e saída ao mesmo.

Na súa virtude o CONCELLO DE CARBALLO comprométese a garantir o acceso o referido espazo a UFD Distribución Electricidade, S.A., ou aos seus sucesores legais, para que poidan efectuar, a través dos seus operarios, cantas tarefas de conservación, mantemento, reparación, mellora e explotación de tales instalacións foren precisas para a correcta subministración de enerxía eléctrica, e todo iso nos termos dispostos no artigo 159 e demais atinentes do RD 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Así mesmo, e dado que UFD Distribución Electricidad, S.A. ten prevista a execución da obra denominada REGLAMENTACIÓN CENTRO DE TRANSFORMACIÓN GRAN VÍA 134-15CKT8 (CARBALLO) con núm. SGD 518224039002 que contempla, entre outras, o traslado do centro de transformación denominado " GRAN VIA 134-15CKT8", sito nun local de planta baixa, sotano do núm. 4 da calle Vila de Corcubión, aproveitase a subscrición do presente convenio de xestión urbanística para a súa autorización por parte do CONCELLO DE CARBALLO, titular do espazo público axardinado na Rúa Vila de Corcubión con Avda de Bergantiños, o cal cumpre as condicións regulamentarias para a instalación do Centro de Transformación de enerxía eléctrica mencionado.

A superficie aproximada que ocupará o centro de transformación no subsolo do espazo público, segundo a documentación técnica aportada por UFD Distribución Electricidad, S.A. é de 16 m<sup>2</sup>.

#### 2. IMPACTO ECONÓMICO.

Este convenio non implica custo económico algún para o concello distinto do xa previsto no propio plan especial para a urbanización dos terreos destinados á regularización das vías públicas que rodean a parcela dotacional municipal e da propia construción do edificio de equipamento e os seus espazos exteriores anexos.

#### 3. CARÁCTER NON CONTRACTUAL.


Este convenio non ten carácter contractual, xa que o seu obxecto é obter os terreos necesarios para a execución urbanística dun ámbito de planeamento de iniciativa pública municipal de acordo co previsto no Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Carballo, por tanto, non lle resulta de aplicación o establecido na Lei de Contratos co Sector Público.

#### 4. CUMPRIMENTO DA LEI.


O presente convenio cumpre cos requisitos esixidos pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, contemplados nos artigos 47 e seguintes, así coma o recollido nos artigos 165 e 167 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG).



ANEXO 2. SITUACIÓN NO PXOM.




PLANO DE CLASIFICACIÓN DO SOLO




PLANO DE CUALIFICACIÓN DO SOLO URBANO

ANEXO 3. ORDENACIÓN SEGUNDO O PERI.








ASIGNACIÓN DE USOS PORMENORIZADOS



ORDENACIÓN DETALLADA DO ÁMBITO

ANEXO 4. EMPRAZAMENTO DO NOVO CENTRO DE TRANSFORMACION SEGUNDO A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR UFD.



E para que conste, para

Documento electrónico especificado á marxe.

CVD: 71TR+uNDFaueP9rX8n/m Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000006

os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.  
O alcalde